



Reunión da Xunta Directiva da Sociedade Española de Neurociencia



Facultade de Ciencias da Saúde A CORUÑA, do 30 de xuño ao 1 de xullo de 2008

Os días 30 de xuño e 1 de xullo próximos reuniranse na Coruña a Xunta Directiva da Sociedade Española de Neurociencia (SENC). Durante estes días, ademais das labores propias da xunta, realizarase unha reunión científica cos grupos galegos activos pertencentes á Sociedade e representativos das distintas áreas de investigación.

Entre os seus obxectivos, a SENC asume unha función educativa e de divulgación da Neurociencia e da repercusión que as investigacións nesta disciplina poden producir na sociedade en áreas da saúde, educación e desenvolvemento. Neste senso a Sociedade está moi implicada na transformación das ensinanzas universitarias para adaptarse ao Espazo Europeo de Educación Superior, e nos cambios necesarios en relación coa investigación, a ciencia e a innovación.

A reunión está organizada polo Grupo de Neurociencia e Control Motor (NEUROcom) e financiada pola Universidade da Coruña (Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías).

Na reunión científica presentarán unha comunicación oral os seguintes investigadores:

- 📄 Acuña, Carlos. Universidade de Santiago de Compostela. /Correlatos neuronales de la decisión y sus resultados en la corteza premotora ventral/
- 📄 Anadón, Ramón. Universidade de Santiago de Compostela. /Neurotransmisión en peces/
- 📄 Arias, Pablo. Universidade da Coruña (NEUROcom). /Estimulación sensorial y Enfermedad de Parkinson/
- 📄 de Labra, Carmen. Universidade da Coruña (NEUROcom). /Acoplamiento neurovascular en el tálamo/
- 📄 González, Francisco. Universidade de Santiago de Compostela. /Percepción visual/
- 📄 Lamas, José Antonio. Universidade de Vigo. /¿Cuántos canales necesita una neurona para reposar?/
- 📄 Leiras, Roberto. Universidade Santiago de Compostela. /Propiedades de las neuronas del subnúcleo reticular dorsal en gatos anestesiados/
- 📄 Mariño, Xurxo. Universidade de A Coruña (NEUROcom). /Modulación talámica por óxido nítrico/
- 📄 Pombal, Manuel Angel. Universidade de Vigo. /La lamprea como material experimental/
- 📄 Yáñez, Julián. Universidade da Coruña. /Neuroanatomía comparada en peces/